



PREMIOS MIL
PRIMAVERAS

ACTA DO XURADO DOS V PREMIOS MIL PRIMAVERAS A PROXECTOS DE POSTA EN VALOR E FOMENTO DO GALEGO

Lugar: en liña a través da plataforma Jitsi Meet

Data: 4 de abril de 2024

Hora de comezo: 17.00 h

Hora de remate: 18.50 h

Integrantes do xurado:

- Paula Soto Viñas, técnica de normalización lingüística do Concello de Moaña, responsable do proxecto *Caranvexo TV* (premiado na edición de 2022) e secretaria da CTNL, como presidenta,
- Irene Romero Iturralde, docente e responsable do proxecto *Asociación Faladoiros Vigo* (premiado na edición de 2022),
- Lorena García Álvarez, deseñadora gráfica e responsable do proxecto *Na Utopía* (premiado na edición de 2022),
- Rosa Moreiras Cuñarro, técnica de normalización lingüística do Concello de Ames, e
- Cláudia Morán Mato, xornalista.

Intervén como secretaria do xurado Anxos Sobriño Pérez, vogal da CTNL, con voz e sen voto.

Como indican as bases dos V Premios Mil Primavera a proxectos de posta en valor e fomento do galego (2023), promovidos pola Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) coa finalidade de **recoñecer e difundir accións, campañas, programas e proxectos que teñen como obxectivo principal a valorización e o fomento da lingua e a procura do incremento do seu uso e/ou prestixio**, o xurado reúnese para recoñecer un máximo de **catro accións, campañas, programas ou proxectos**, sen establecer ningunha xerarquía entre os premios que se outorguen, de acordo cos seguintes criterios:

- A calidade da **planificación** do proxecto, coa axeitada determinación de **obxectivos, destinatarios/as, accións, necesidades e recursos, temporalización** etc.
- A **execución e desenvolvemento** adecuado das medidas e actuacións.
- A **innovación** do proxecto, a capacidade de **incidencia** e o **impacto** positivo para a lingua.
- A calidade e atractividade da **comunicación, deseño, imaxe, materiais**, etc.
- A axeitada **avaliación**.
- A **eficiencia** do proxecto.

Logo de avaliar as 37 propostas presentadas e das deliberacións pertinentes, o xurado decide conceder os seguintes premios:

- **Aquí tamén se fala (IES Rafael Dieste, A Coruña)**

É un proxecto que presenta a lingua en positivo e que converte as persoas destinatarias en axentes implicadas no proceso, que se dirixe desde o ámbito escolar a outros sectores da sociedade. Destaca pola súa planificación, con obxectivos xerais e específicos moi ben definidos e medibles. Intervén nun contexto complexo, con poboación de 25 nacionalidades, e consegue motivar o alumnado e situar o galego como elemento de integración e cohesión social. O xurado tamén salientou que é unha acción que xa se está a replicar por centros educativos de toda Galiza, que favorece a reflexión e que comunica con moita efectividade.

- **CeibaRimas (Merenda Creativa)**

O xurado destacou que é un proxecto que promove o uso oral da lingua asociándoa á creatividade, ao lecer e á modernidade. Trae para o noso idioma un estilo musical que conecta coa xente moza e co noso xeito de improvisación máis tradicional, a regueifa; ademais, inclúe valores como a igualdade, a inclusión e o respecto, que non adoitan estar presentes nas batallas de galos. Tamén se salienta a dispoñibilidade de obradoiros e de recursos, a creación de referentes no ámbito da improvisación e que favorece a socialización asentando o uso do galego entre a mocidade.

- **Elos. Engánchate ao galego (Concello de Santiago de Compostela)**

Proxecto que parte das necesidades das persoas usuarias doutra iniciativa formativa, favorece a socialización e a integración da poboación que quere aprender a nosa lingua a través da conversa en contextos informais. Contribúe á escasa oferta formativa para persoas adultas e complementa a aprendizaxe máis académica da lingua. O xurado tamén destaca que é unha actividade que pode ser reproducida noutros contextos, está asociada

ao lecer e ao voluntariado, mellora a visión que se ten do idioma e da cultura galega desde fóra e axuda á cohesión social.

- **Recuncho Gamer (Recuncho Gamer)**

É un proxecto que leva o galego a un ámbito estratéxico e moi atractivo para un sector da poboación, o dos videoxogos, explorándoo a través de diferentes canles: podcast, streaming, gameplays, vídeos en redes sociais... Ten entre os seus obxectivos desbotar prexuízos e estereotipos de xénero, incorporando a colaboración de mulleres de xeito habitual. O xurado tamén destacou que é extraordinariamente activo na elaboración de contidos e que incide na cultura popular do momento, onde é moi necesaria a presenza da nosa lingua.

Por último, o xurado quixo recoller na acta a alta calidade dos proxectos presentados e desexa animar as súas promotoras e os seus promotores a continuar a traballar na promoción do uso e do prestixio da lingua.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta dá por finalizada a reunión e eu, como secretaria, redacto esta acta.

A secretaria

A presidenta

Anexo: bases dos V Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego (2023)